

INT/2026/000475

EDICTO DEFINITIVO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2026, e publicándose no B.O.P. número 148 de data 05 de agosto de 2026 o expediente de modificación orzamentaria na modalidade Crédito extraordinario nº **03/CE/2026** financiado con baixas de créditos existentes no proxecto de gasto con financiamento afectado do Anexo de Investimentos do exercicio 2025 co código 2025-2-PREST-1 “PLAN ASFALTADOS” así como o expediente de cambio de finalidade nº **03/CF/2026** do financiamento afectado do antedito proxecto.

Transcorrido o prazo de exposición ó público regulamentario, sen que se presentase ningunha reclamación, considérase definitivamente aprobado o expediente de referencia, sen prexuízo da súa entrada en vigor nos termos indicados no edicto de aprobación inicial, tal e como establece a base 10ª das Bases de Execución Orzamentaria do orzamento vixente, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O Orzamento do exercicio tras as modificacións efectuadas, queda conforme o seguinte:

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULO DE GASTOS					
CAPT.	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA A 31/08/2026	BAIXAS	CREDITO EXTRAORDINARIO	CRÉDITOS DEFINITIVOS
1	GASTOS DE PERSOAL	15.620.276,18			15.620.276,18
2	GASTOS CORRENT. BENS E SERV.	17.626.994,09			17.626.994,09
3	GASTOS FINANCEIROS	363.709,71			363.709,71
4	TRANSF. CORRENTES	3.947.144,55			3.947.144,55
5	FONDO DE CONTINXENCIA	40.000,00			40.000,00
6	INVERSIÓN REAIS	26.138.322,71	-335.358,35	335.358,35	26.138.322,71
7	TRANSF. DE CAPITAL	802.554,32			802.554,32
8	ACTIVOS FINANCEIROS	150.000,00			150.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	2.057.987,96			2.057.987,96
	TOTAL	66.746.989,52	-335.358,35	335.358,35	66.746.989,52

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O ALCALDE

Asdo: Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

